

# CENTRO ASISTENCIAL EURODENTAL, S.L.



**"A nosa principal liña de negocio é a atención a pacientes con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais"**

*M<sup>a</sup> Amalia Silveira Vega*

## Datos básicos

|                               |  |
|-------------------------------|--|
| <b>Actividade:</b>            | Policlínica odontolóxica   |
| <b>Sector de actividade</b>   | Servizos de atención sanitaria, personal e física  |
| <b>Nº empregados</b>          | 20   |
| <b>Inversión inicial</b>      | 312.525 €  |
| <b>Financiamento inicial:</b> | Capital social: 180.300 €.<br>Empréstimo iniciativa PYME, con aval de Sogarpo 76.930 €.<br>Empréstimo ICO 48.680 €.<br>Outros 6.600 €. |
| <b>Web:</b>                   | <a href="http://www.eurodental.es">www.eurodental.es</a>   |
| <b>Municipio:</b>             | Vigo, Pontevedra   |
| <b>Ano creación:</b>          | 1999   |

## Descrición do proxecto

Creación dunha policlínica de asistencia odontolóxica integral, a principal liña de negocio é a atención a pacientes discapacitados (tanto físicos como sensoriais), ofrecéndolles todas as posibles ramas de asistencia odontolóxica e sen deixar por iso de atender a pacientes que non pertencen a este colectivo.



## Datos empresa

### Claves do éxito

Alta capacitación profesional tanto do equipo médico como do persoal auxiliar, incorporación constante dos últimos avances en tecnoloxía do sector, tratamentos innovadores e últimas novidades en materiais e técnicas e trato moi personalizado ao paciente.


A vontade e implicación do equipo promotor, porque cremos firmemente na culminación do proxecto, avalando co noso patrimonio persoal a materialización do mesmo. Cada día temos a ilusión renovada e ganas de facer cousas novas, innovar, introducir cambios para mellorar a nosa xestión e a nosa calidade de servizo.

### Situación actual

Despois de 9 anos de actividade, estamos consolidados e implantados no sector; somos unha clínica referente dentro da provincia de Pontevedra. Ao longo destes anos afrontamos un período de expansión, na actualidade temos 3 clínicas funcionando, unha cuarta en proxecto de creación así como un Centro De Formación de Persoal Auxiliar.

### Perfil cliente

Temos feito correccións ao proxecto inicial, para evitar que se nos encasillara exclusivamente na atención de pacientes discapacitados e iso nos levase á exclusión do resto de pacientes; centrámonos máis na atención de todos os pacientes en xeral, brindándolles unha atención full-service, é dicir absolutamente todas as especialidades nun mesmo emprazamento físico, para evitar perdas de tempo e desprazamentos innecesarios para o paciente. O mercado xa nos coñece como referentes na atención de pacientes con minusvalías pero tamén saben que non nos dedicamos exclusivamente a eles.



## Idea inicial

A nosa principal liña de negocio é a atención odontolóxica integral; especializados en pacientes con minusvalías (físicas, síquicas e sensoriais).

## Principales dificultades y amenazas futuras

Quizais ao comezo a principal dificultade foi o elevado investimento inicial realizado, e a dificultade de atopar fontes de financiamento para a mesma. Na actualidade o mercado odontolóxico transformouse nun mercado de oferta cando fai uns anos atrás érao de demanda. A competencia é forte pero nós logramos consolidarnos e seguimos medrando. Estamos preparados para afrontar novos retos, investimos cada ano na formación tanto dos profesionais do cadro médico como do resto do persoal da clínica. Só estando formados e ao tanto dos avances que se producen na profesión estaremos dentro dos mellores e nun mercado tan competitivo iso é importante.

## Perfil promotores

Doutora en Odontoloxía, 28 anos de exercicio profesional como odontóloga, dos cais 23 deles en España. Formación e experiencia específica no tratamento odontolóxico a pacientes con minusvalías de todo tipo. Formación en xestión e dirección de empresas.

## Aptitudes necesarias

- Teimosía.
- Crer no que estás a facer.
- Estar disposta a moitos esforzos (tempo, diñeiro, etc.) para levar adiante o teu proxecto.
- Formación adecuada.



## Guía de Actividad

**Servizos personais da saúde : Clínica Odontolóxica** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

### Motivacións

**A independencia que proporciona      Dirixir persoas e organizacións**  
**O reto que supón**

### Formación

**¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?**

- Curso de formación empresarial para emprendedores na E.O.I.
- Curso de recursos humanos (escuela de negocios Caixavigo).
- Curso de marketing (escuela de negocios Caixavigo).

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desarrollar con éxito un proxecto empresarial?**

Considéroo indispensable.

### Anecdotario

Non dispoñible

